



Concello de
OURENSE
Deportes

YUPREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, MEDIANTE TRAMITACIÓN ORDINARIA, PROCEDIMIENTO ABERTO, DA ADQUISICIÓN DE CAMISETAS PARA A XLI CARREIRA PEDESTRE POPULAR SAN MARTIÑO 2017

Artigo 1.- Obxecto:

Este prego ten por obxecto a contratación, mediante procedemento aberto, da subministración de camisetas para a XLI Edición da Carreira pedestre popular San Martiño 2017 que terá lugar o vindeiro 19 de novembro de 2017, de acordo coas especificacións administrativas e técnicas aprobadas polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes.

Artigo 2.- Réxime Xurídico:

O contrato ao que se refire este prego ten natureza administrativa e rexeráse, sucesiva e supletoriamente, polas seguintes fontes: RDLVO 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; RD 817/2009, de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007; Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro; Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas no que lle sexa de aplicación; normas de dereito administrativo distintas das anteriores e que resulten de aplicación; normas de dereito privado no mesmo caso; prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.

Artigo 3.- Órgano de contratación:

O órgano de contratación é o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense de conformidade co establecido no art. 9.i) dos seus Estatutos.

O órgano ten a facultade de adxudicar o contrato obxecto deste prego e ostenta a prerrogativa de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, e as demais que lle atribúen as normas aplicables. Os acordos que dite serán inmediatamente executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a xurisdición competente.

Artigo 4.- Orzamento da licitación:

O orzamento estimado de licitación con carácter de máximo ascende a 27.500,00 euros mais 5.775,00 euros en concepto de IVE, de acordo coas seguintes estimacións de unidades e tallas :

ADULTOS

TALLAS	UDS. ESTIMADAS	PREZO UNITARIO	SUBTOTAL
S	1.500	3,25 €	4.875,00 €
M	2.500	3,25 €	8.125,00 €
L	1.500	3,25 €	4.875,00 €
XL	420	3,25 €	1.365,00 €
XXL	80	3,25 €	260,00 €



Concello de
OURENSE
Deportes

		SUBTOTAL	19.500,00 €
IVE		21 %	4.095,00 €
TOTAL			23.595,00 €

NENOS

TALLAS	UDS. ESTIMADAS	PREZO UNITARIO	SUBTOTAL
10/12	1.500	2,00 €	3.000,00 €
M	1.500	2,00 €	3.000,00 €
L	1.000	2,00 €	2.000,00 €
		SUBTOTAL	8.000,00 €
IVE		21 %	1.680,00 €
TOTAL			9.680,00 €

O orzamento de licitación inclúe todos os gastos que poidese orixinar o transporte e entrega das camisetas que sexan obxecto da contratación, así como todos os impostos e taxas que graven os subministrados contratados.

As obrigas derivadas deste contrato e o seu financiamento faranse con cargo á partida orzamentaria 3410-222610 do orzamento do Consello Municipal de Deportes para o ano 2017.

Artigo 5.- Prazo de execución e posibles prorrogas:

O prazo máximo de execución deste contrato non poderá exceder do 3 de novembro de 2017.

Ao ser un contrato de resultado, **non caben prórrogas na execución do mesmo.**

Artigo 6.- Capacidade para contratar:

Poderán concorrer a este procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou por persoa autorizada, mediante poder validado sempre que non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

Artigo 7.- Lugar e forma de presentación das proposicións:

Toda proposición presentarase no Rexistro Xeral do Consello Municipal de Deportes de Ourense, R/Pardo de Cela, 2, en horario de 9h.00 ás 14h.00, de luns a venres, ou en calquera das formas permitidas pola lexislación vixente.



Se a proposición se presenta por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. O único número de fax válido será 988 370 727 . Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

As proposicións presentaranse en sobre pechado e asinado polo licitador no que figurará a inscrición **“Proposición para participar no procedemento aberto para a subministración de camisetas para a XLI Carreira Pedestre Popular San Martiño 2017”**.

Dentro deste sobre xeral incluíranse os seguinte sobres pechados e asinados polo licitador:

Sobre núm. 1, documentación administrativa: que conterá a seguinte documentación:

Doc. 1: Presentarase unha declaración responsable conforme ao modelo recollido no Anexo I indicando que se cumpren as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración ao tempo de finalización do prazo de presentación das proposicións.

Sobre núm. 2, documentación técnica: conterá a seguinte documentación:

Doc. 1: Descrición detallada da camiseta ofertada polo contratista coas características fundamentais ofertadas en canto a telas, costuras, cores, tramas, sublimación.

Descrición do deseño e serigrafía proposta que poderá presentarse en papel, formato dixital ou ben na propia mostra da camiseta.

Melloras cuantificables recollidas no PCA, detallando o tipo de mellora e o custo de mercado.

Compromiso de entrega nos centros concertados e prazos da entrega adiantada, si fora o caso do subministro.

O incumprimento das calidades e descricións técnicas especificadas na oferta poderá ser causa de resolución do contrato, previa comunicación ao adxudicatario, sen prexuízo das sancións e indemnizacións no concepto de danos e prexuízos a que houberse lugar.

Doc. 2: Mostras do produtos. Deberase achegar mostra do produto ofertado. A non inclusión do mesmo, é causa de inadmisión da proposición.

Sobre núm. 3, proposición económica: Unicamente conterá a proposición económica axustada ao modelo inserido ao final deste prego (anexo II).

Artigo 8.- Prazo de presentación das proposicións:

O prazo para presentar as proposicións será de 15 días naturais contados a partir do seguinte a publicación do Anuncio no BOP de Ourense e no perfil do contratante (www.deportesourense.com).

Artigo 9.- . Procedemento e forma de adxudicación do contrato.

A tramitación do expediente para a adxudicación deste contrato é a ordinaria regulada nos artigos 109 a 111 do TRLCSP, adxudicándose a través do procedemento aberto á oferta mais vantaxosa que se determinará tomando en consideración varios criterios nos termos previstos no artigo 150 TRLCSP.

Artigo 10 .- Apertura de proposicións e mesa de contratación.

Estará integrada polo presidente do CMD, o xerente deste organismo, o interventor municipal e o oficial maior do Concello de Ourense, actuando como secretario o administrador do CMD. Para a súa constitución requirirá a maioría absoluta dos seus membros, e en todo caso do presidente e do secretario, que levantará acta na que se recollan as actuacións, e tomará os acordos por maioría simple



dos membros presentes.

A licitación axustarase ás normas establecidas na lexislación vixente.

A mesa de contratación abrirá previamente o sobre núm. 1 que contén a documentación administrativa. Se observase defectos no seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente procedemento, comunicarlle ao interesado por correo electrónico ou fax esa circunstancia, concedéndolle prazo non superior a tres días hábiles desde que reciba a comunicación para que os corrixa ou entregue a dita documentación. Se transcorrido ese prazo non corrixe ou emenda a documentación, quedará excluído do procedemento.

A mesa, unha vez cualificada a documentación acreditativa das circunstancias citadas nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e corrixidos, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección das mesmas, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e os motivos da exclusión.

O acto público de apertura do sobre núm. 2 (documentación relativa aos criterios técnicos avaliados como melloras complementarias e sobre as características básicas das camisetas) celebrarase no lugar, hora e datas publicadas no perfil do contratante. A mesa poderá solicitar, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxecto do contrato para a súa avaliación.

O acto de apertura do sobre núm. 3 terá lugar nun prazo non superior a 15 días a contar dende a finalización do prazo de presentación de propostas. A determinación do día e hora realizarase mediante anuncio no PERFIL DO CONTRATANTE (www.deportesourense.com). A esta sesión serán convocados os representantes das mercantís licitadoras ós que se lles informará do resultado da puntuación outorgada segundo o contido do sobre 2. A continuación farase a apertura do sobre 3.

Artigo 11.- Valoración das proposicións.

Os criterios de adxudicación que han servir de base para a determinación da oferta mais vantaxosa veñen dados polo desconto unitario ofertado sobre os prezos unitarios previamente establecidos así como a criterios técnicos e funcionais. De xeito concreto para a selección da oferta mais vantaxosa terase en conta os seguintes criterios:

Prezo: 75 % da oferta

Asignaráselle ata un máximo de 75 puntos sobre 100 á oferta coa maior porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios previamente determinados, e o resto consonte a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = 75 \times (\text{BO} / \text{BMO})$$

Sendo:

BO = Porcentaxe de baixa ofertado.

BMO = Maior porcentaxe de baixa ofertado.

Considerarase como temeraria á oferta económica que sexa inferior en máis de 10 puntos á media aritmética das puntuacións das ofertas presentadas.

Melloras: 25 % da oferta

- Deseño da camiseta (máx. 17 puntos):
 - > Máis dunha cor: 4 puntos,
 - > Cor/cores das costuras diferentes a da camiseta: 2,5 punto
 - > Sublimación: 2,5 puntos
 - > Serigrafía a máis dunha cor: 4 puntos
 - > Diferentes tramas: 4 puntos
- Outras melloras **cuantificables economicamente** (Máx. 8 puntos)
 - > Patronaxe distinto por sexos (so en adultos): 2 puntos.



- > Sudadeiras sen custo para organización: entre 20 e 30 unidades, 1,5 puntos; máis de 30, 2 puntos.
- > embolsados, 2 puntos.
- > entrega nos lugares indicados. Tendas de deporte autorizadas e centros educativos (designarase cando se finalice o proceso de licitación), 2 puntos.

En caso de empate resolverase a favor da oferta máis vantaxosa economicamente.

Artigo 12.- Ordenación decrecente das ofertas

A mesa de contratación, de acordo co disposto no artigo 320 TRLCSP elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e a valoración ao órgano de contratación.

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas por orde decrecente, salvo as declaradas temerarias, e requirirá ao licitador que presentase a oferta económica máis vantaxosa para que no prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que houbese recibido o requirimento achegue a seguinte documentación:

Doc. 1: presentación do contratista. Débese completar unha folla cos seguintes datos:

- Razón social da empresa:
- CIF, NIF ou NIE:
- Dirección física da empresa: Provincia; Cidade; Rúa/estrada; Núm./Km; Código postal:
- Teléfono:
- Fax:
- Correo electrónico:
- Nome do representante legal e núm. do DNI
- Persoa de contacto:
- Número total de traballadores:
- Sector:

Doc. 2: documentos que acredite a personalidade do licitador. DNI, se é empresario individual ou escritura de constitución ou modificación, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se é persoa xurídica. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán presentar o DNI e **poder debidamente validado pola Secretaría do Consello Municipal de Deportes**. Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha delas acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e as circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á administración. As empresas agrupadas deberán acreditar ante a administración, se resultaren adxudicatarias, a constitución da agrupación e o CIF desta.

Doc. 3: declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no art. 60 TRLCSP, segundo o anexo III do presente prego.

Doc. 4: documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración apropiada de entidade financeira.

Doc. 5: Acreditación de ter de alta aos traballadores.

Doc. 6: Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda estatal e de non existir débeda tributaria en período executivo.



Concello de
OURENSE

Deportes

Doc. 7: Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda autonómica e de non existir débeda tributaria en período executivo.

Doc. 8: Certificación administrativa, expedida polo órgano competente, de estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa facenda municipal e de non existir débeda tributaria en período executivo.

Doc. 9: Xustificación de estar dado de alta e ó día no imposto de Actividades Económicas, mediante presentación do último recibo ou certificado de exención.

Doc. 10: Certificado de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

Doc. 11: Certificado de ter constituída a garantía definitiva na Tesourería do Consello Municipal de Deportes.

Se os licitadores están inscritos no Rexistro Oficial de empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas, poderán indicalo achegando a correspondente certificación, onde se recollan os extremos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP. Neste caso estarán dispensados de presentar os datos que figuran inscritos, sen prexuízo de que a Administración, poida solicitar aqueles datos ou documentos que considere necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude e vixencia destes.

Se no prazo anteriormente sinalado non se recibise esta documentación ou o licitador non xustificase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, entenderase que o licitador retira a súa oferta e requirirase a mesma documentación do seguinte licitador.

Artigo 13.- Garantía definitiva.

O prazo para constituír a garantía definitiva será de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento.

O importe da fianza definitiva será do 5 por 100, do importe de adxudicación, IVE excluído. De non cumprir este requisito por causas imputables ao adxudicatario entenderase que o licitador retira a súa oferta e recadarase a mesma documentación do seguinte licitador

Artigo 14.- Adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes ao recibo da documentación.

A adxudicación, que será motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no PERFIL DO CONTRATANTE (Web: www.deportesourense.com).

Artigo 15.- Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación. A formalización do contrato publicarase no PERFIL DO CONTRATANTE (Web: www.deportesourense.com).

Artigo 16.- Subcontratación.

Non se permite a subcontratación.

Artigo 17.- Execución do contrato

O contrato executarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas nos pregos polos que se rexe o



Concello de
OURENSE
Deportes

presente contrato, e polas instrucións que, na interpretación deste, se puideran dar a través do responsable supervisor do contrato ou do técnico do Consello destinado ao efecto.

Debido á duración do contrato, así como o establecido no artigo 89 do TRLCSP, non procederá a revisión de prezos durante a vixencia do mesmo.

O contratista obrígase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia de dereito do traballo, seguridade social, protección á industria, seguridade e hixiene no traballo, e calquera outras de xeneral observancia. Especialmente queda obrigado ao cumprimento da normativa reguladora da actividade obxecto do presente contrato.

Durante o desenvolvemento do contrato, o contratista é responsable dos defectos que na execución dos traballos de entrega se poidan advertir.

O contratista estará obrigado a realizar todas aquelas prestacións previstas nos pregos polo que se rexe o presente contrato, así como aquelas melloras que, ofertándose polo licitador fosen aceptadas polo Consello Municipal de Deportes.

O adxudicatario deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Artigo 18.- Demora na execución do contrato.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato. Se chegado o termo do prazo estipulado no prego ou na oferta presentada polo contratista, o contratista incorrera en mora por causas imputables ao mesmo, a administración poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas. Estas ascenderán ao 10% do prezo do contrato, ao ser o subministro para un evento concreto de data determinada. Aplicarase igualmente o sinalado no artigo. 212 TRLCSP e concordantes.

A perda da garantía ou os importes das penalidades, non exclúen a indemnización por danos e perdas a que poida ter dereito a administración, orixinados pola demora do contratista.

Neste caso o contratista deberá aboar os gastos que leva o desaloxo na parte que exceda do prazo de execución contractual.

Se o atraso fora producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no art. 213.2 TRLCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da administración.

Ditas penalidades imporanse, no seu caso, polo órgano de contratación, despois da audiencia ao contratista polo prazo de dez días naturais, e deduciranse, preferentemente das certificacións ou, no seu defecto, pagaranse con cargo á garantía do contrato.

Artigo 19.- Modificación do contrato.

Resulta de aplicación exclusivamente o establecido no art. 107 do TRLCSP



Artigo 20.- Cumprimento do contrato.

A recepción do contrato rexeráse polo establecido no art. 292 e ss do TRLCSP e nos arts. 163 e ss RGLCAP. En particular o adxudicatario terá dereito ao abono do prezo das camisetas efectivamente entregadas e formalmente recibidas polo Consello Municipal de Deportes antes do 3 de novembro de 2017.

O contratista percibirá o importe das camisetas subministradas previa presentación da correspondente factura e unha vez levantada acta de recepción destas que incluírá en particular, o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas :

- o cumprimento non defectuoso do contrato
- o cumprimento das melloras propostas
- o cumprimento das condicións de execución.

As camisetas que non sexan obxecto de entrega ao Consello Municipal de Deportes quedarán a disposición do adxudicatario que poderá dispoñer delas como estime mais oportuno. A estes efectos autorízase a súa venda logo de celebrada a XLI Edición da Carreira pedestre popular San Martiño 2017.

Artigo 21.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración de un mes a contar dende a recepción do subministro.

Se durante este prazo se observase e verifica a existencia de vicios ou defectos na subministracións, o Consello terá a potestade de reclamar a reposición dos elementos que resulten inadecuados, con cargo ao contratista.

Artigo 22.- Liquidación, pago e devolución da garantía definitiva.

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior, procederáse á liquidación do contrato polo órgano responsable do pagamento.

Artigo 23.- Prerrogativas do Consello Municipal de Deportes.

O contrato resultante deste prego é administrativo gozando a administración dos privilexios e prerrogativas que lle determina a lexislación vixente. As cuestións litixiosas serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 24.- Normativa aplicable

No non previsto neste prego estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, Lei de bases do réxime local e Real decreto legislativo 781/86 e demais Dereito aplicable.



ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

....., con DNI/NIF con domicilio en..... (no seu caso) en representación da mercantil

..... constituída (referencia escritura) con CIF, representación que acredito con poder..... (referencia escritura),

DECLARA baixo a súa responsabilidade que os datos achegados nesta declaración son exactos e comprométese a :

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ao contrato de **subministración de camisetas para a XLI Carreira Pedestre Popular San Martiño 2017** e que os acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do TRLCSP, acreditación que se compromete a realizar ante o órgano de contratación no prazo de 10 días naturais desde o seu requirimento e sempre con carácter previo á adjudicación do contrato.
3. Que a empresa á que represento, nin ningún dos seu membros, non incorren en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP
4. Que a mercantil ten obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo, segundo consta nos estatutos de data inscritos no Rexistro Mercantil de
5. Que a mercantil atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado, Comunidade Autónoma, Concello de Ourense e Consello Municipal de Deportes de Ourense e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil atópase ao corrente no pago dos salarios e Seguridade Social dos traballadores do seu cadro de persoal.
7. Que a mercantil comprométese a presentar documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, mediante declaración apropiada de entidade financeira.
8. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante certificación dun Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas ou mediante certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias que se reflicten no correspondente certificado non experimentaron variación.
9. Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
10. Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos sinala como dirección de correo electrónico o seguinte:



Concello de
OURENSE
Deportes

11. Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís: e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas coas seguintes porcentaxes....., nomeando como representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercer o dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción do mesmo a
12. Que a mercantiladquire o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que se contemplan no mesmo.
13. No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos Xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que directa ou indirectamente puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro estranxeiro que lle puidera corresponder.
14. Os datos para practicar nesta licitación toda clase de requirimentos, comunicacións e notificacións é o seguinte:

Domicilio (rúa, núm., andar, código posta, poboación e provincia)

.....

Teléfonos:/..... (móbil).....

Fax:

Enderezo electrónico: Persoa de contacto:

Lugar, data, selo e sinatura.



ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona....., con DNI núm..... e enderezo en, en nome propio (ou en representación de....., segundo acredita con poder validado que acompaña), informado dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e demais documentos do expediente, para contratar mediante procedemento aberto o subministro de **CAMISETAS PARA A LXI CARREIRA PEDESTRE POPULAR SAN MARTIÑO 2017**, comprométese a realizalas, con estrita suxeición ás condicións citadas cunha porcentaxe de baixa cifrada nun % sobre os prezos unitarios establecidos para as camisetas no artigo 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Achega tódolos documentos esixidos no prego.

(lugar, data e sinatura)



Concello de
OURENSE
Deportes

PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA ADXUDICACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE CAMISETAS PARA A XLI CARREIRA PEDESTRE POPULAR SAN MARTIÑO 2017

13. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é o subministro estimado de 6.000 camisetas para adultos e 4.000 camisetas para escolares a entregar aos participantes na XLI Carreira Pedestre Popular San Martiño 2017.

14. Características das camisetas

Con carácter xeral as camisetas a subministrar deberán ser confeccionadas con tecidos moi suaves e agradables con calidades elásticas, de rápido secado e resistentes ao desgaste e a decoloración. Os gastos de transporte serán por conta do adxudicatario. A entrega deberá ter lugar antes do 3 de novembro de 2017 no Pavillón dos Deportes de Ourense.

As camisetas levarán a talla en lugar visible. Entre as distintas tallas ofertadas terá que existir diferenza de tamaño, tendo en conta que no circuíto participan nenos e adultos. No se admitirá unha talla de nenos que sexa idéntica en tamaño a XS ou S. No caso de coincidir a talla do modelo de adulto e o modelo de nenos, o Servizo de Deportes decidirá cal das tallas utilizarase e o número de unidades a incrementar na talla seleccionada.

- Características técnicas das camisetas para adultos.

Tecido técnico poliéster 100% (máx. 140 gr/ m²). Hilatura multi-filamento. Lixeiro, transpirable e de secado rápido. Lavable a 30º e planchable. Tratamento anti-rozaduras; tratamento para fixación da cor; tapeta cubre costuras no interior do pescozo antirozaduras; costuras planas; serigrafía de alta calidade. Comercializable en CE. Etiqueta impresa. Tipo Running.

Tallas e unidades estimadas para as camisetas de adultos: S-1500 u.; M-2500 u.; L-1500 u.; XL-420 u.; XXL-80 u.

Características técnicas das camisetas para escolares.

Tecido técnico poliéster 100%, Lixeiro, cómodo, transpirable e de secado rápido.

Tallas e unidades estimadas para as camisetas de escolares: 10/12-1500 u.; S-1500 u.; M-1000 u.

Consello Municipal de Deportes de Ourense, C/ Pardo Cela 2, 32003-Ourense. Tlf.-988370539



Concello de
OURENSE
Deportes

15. Base ou tipo de licitación

O orzamento do contrato que servirá de base máxima de licitación é de 27.500,00 € mais IVE.

Os licitadores deberán achegar as correspondentes mostras da camiseta e calidades esixidas no presente prego tanto de adultos como de escolares, coas características técnicas do tecido por escrito.

O incumprimento das calidades e descrições técnicas especificadas na oferta poderá ser causa de resolución do contrato, previa comunicación ao adxudicatario, sen prexuízo das sancións e indemnizacións no concepto de danos e prexuízos a que houbese lugar.

16. Prazo e lugar de entrega

O contratista deberá entregar as prendas deportivas antes do 3 de novembro de 2017. Deberá facer entrega do subministro nas oficinas do Consello Municipal de Deportes de Ourense.

17. Condicións do subministro

As prendas deberán ser entregadas debidamente protexidas, separadas por grupos de 10 e en caixas de 100 unidades da mesma talla, sinalizadas claramente no seu exterior.

O adxudicatario deberá cumprir as seguintes condicións:

- a) Calquera defecto no material ou serigrafía suporá a súa retirada e reposición en óptimas condicións con cargo á empresa adxudicataria.
- b) O CMD poderá solicitar ao adxudicatario, e este virá obrigado a suministrar, cantos datos, estatísticas e informacións se requiran para ter un coñecemento actualizado das actuacións.
- c) O adxudicatario asumirá os custes derivados do subministro ata a entrega do material nas instalacións do CMD.

Ourense, 28 de agosto de 2017

Asdo.

Mario González Rodríguez

Xerente CMD



PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REGIRÁN La CONTRATACIÓN, MEDIANTE TRAMITACIÓN COMÚN, PROCEDIMIENTO ABIERTO, DE La ADQUISICIÓN DE CAMISETAS PARA La XLI CARREIRA PEDESTRE POPULAR SAN MARTIÑO 2017

Artículo 1.- Objeto:

Este pliego tiene por objeto a contratación, mediante procedimiento abierto, del suministro de camisetas para la XLI Edición de la Carrera pedestre popular San Martiño 2017 que tendrá lugar el próximo 19 de noviembre de 2017, de acuerdo con las especificaciones administrativas y técnicas aprobadas por el Consello Rector del Consello Municipal de Deportes.

Artículo 2.- Régimen Jurídico:

El contrato a lo que se refiere este pliego tiene naturaleza administrativa y se registrará, sucesiva y supletoriamente, por las siguientes fuentes: RDLVO 3/2011 del 14 de noviembre por lo que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público; RD 817/2009, de 8 de mayo por lo que se desarrolla parcialmente la Ley 30/2007; Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas aprobado por RD 1098/2001, de 12 de octubre; Ley 33/2003, de Patrimonio de las Administraciones Públicas en el que le sea de aplicación; normas de derecho administrativo distintas de las anteriores y que resulten de aplicación; normas de derecho privado en el incluso caso; pliego de cláusulas administrativas particulares y pliego de prescripciones técnicas.

Artículo 3.- Órgano de contratación:

El órgano de contratación es el Consello Rector del Consello Municipal de Deportes de Ourense de conformidad con el establecido en el art. 9.i) de sus Estatutos.

El órgano tiene la facultad de adjudicar el contrato objeto de este ruego y ostenta la prerrogativa de interpretarlo, resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento, modificarlo por razones de interés público, acordar su resolución y determinar los efectos de esta, y las demás que le atribuyen las normas aplicables. Los acuerdos que dicte serán inmediatamente ejecutivos, sin perjuicio del derecho del contratista su impugnación ante la jurisdicción competente.

Artículo 4.- Presupuesto de la licitación:

El presupuesto estimado de licitación con carácter de máximo asciende a 27.500,00 euros mas 5.775,00



Concello de
OURENSE
Deportes

euros en concepto de IVA, de acuerdo con las siguientes estimaciones de unidades y tallas :

ADULTOS

TALLAS	UDS. ESTIMADAS	PREZO UNITARIO	SUBTOTAL
S	1.500	3,25 €	4.875,00 €
M	2.500	3,25 €	8.125,00 €
L	1.500	3,25 €	4.875,00 €
XL	420	3,25 €	1.365,00 €
XXL	80	3,25 €	260,00 €
		SUBTOTAL	19.500,00 €
IVE		21 %	4.095,00 €
TOTAL			23.595,00 €

NENOS

TALLAS	UDS. ESTIMADAS	PREZO UNITARIO	SUBTOTAL
10/12	1.500	2,00 €	3.000,00 €
M	1.500	2,00 €	3.000,00 €
L	1.000	2,00 €	2.000,00 €
		SUBTOTAL	8.000,00 €
IVE		21 %	1.680,00 €
TOTAL			9.680,00 €

